

Contrato de servizos Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0DS	<i>Expediente</i> CON/31/2018	<i>Data Creación:</i> 21-03-19 08:48

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020.

TIPO DE LICITACIÓN: 466.942,15 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 4 de abril de 2019, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: Dna. Rocío Montañes Fernández, xefa do Servizo de Contratación.
Dna. María Moreno Berguer, xefa do Servizo de Mobilidade e Seguridade.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Dase conta a mesa do resultado das consultas realizadas para os efectos de verificar a veracidade do declarado pola empresa EVERIS SPAIN en relación á sanción que se lle impuxo por prácticas anticompetitivas. Así, e, como a empresa declara, a resolución da Comisión nacional dos mercados e a competencia, unicamente impón unha sanción de tipo económico, sen ningunha outra consideración, polo que ao abeiro do disposto nos artigos 71 e ss. do TRLCSP, ésta non implicará en ningún caso unha prohibición para contratar coa administración, polo que, como xa se sinalou na declaración realizada, non existe impedimento para admitir a súa oferta e continuar formando parte desta licitación.

En consecuencia, e xa seguidamente e coa presenza de representantes das empresas IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE e EVERIS SPAIN SL procédese á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación dependentes dun xuízo de valor, acordándose o traslado desta documentación aos técnicos municipais aos efectos de realizar o correspondente informe.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

